

PROXECTO DE INNOVACIÓN EN  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Facendo CLIC en galego



CEIP SAN MARTIÑO- SALCEDO (PONTEVEDRA)

[www.salcedoteca.blogspot.com](http://www.salcedoteca.blogspot.com)

[www.falandoengalego.blogspot.com](http://www.falandoengalego.blogspot.com)

CURSO 2009-2010

## GUIÓN

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO A PARTIR DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO
2. OBXECTIVOS A CURTO E LONGO PRAZO
3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO NO QUE SE REFLECTA A PROPOSTA METODOLÓXICA E DE ACTIVIDADES E OS CONTIDOS QUE SE VAN DESENVOLVER
4. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
5. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO EN BENEFICIO DO PROXECTO
6. A COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS DO CONTORNO
7. PLAN DA AVALIACIÓN
8. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO, AS FAMILIAS E A COMUNIDADE PARA FOMENTAR A SUA PARCICIPACIÓN E APROVEITAMENTO.

## 1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO A PARTIR DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O CEIP San Martiño é un colexio público situado na parroquia de Salcedo, na periferia de Pontevedra, que recolle alumnado do centro urbano, da parroquia de Salcedo e da barriada de Pontemuíños. O centro conta con 3 unidades de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria nas que están matriculados un total de 180 alumnos.

Durante o mes de setembro do curso escolar 2008-09 o E.N.D.L. do centro realizou unha análise sociolingüística. A través deste estudio **determinouse a situación lingüística do centro, do alumnado, do profesorado e do contorno.**

O principal instrumento empregado foi a enquisa proposta no documento "A planificación lingüística nos centros educativos" elaborado pola Xunta de Galicia.

Os resultados foron os seguintes:

### **a. Contexto sociolingüístico do centro.**

No 40% dos fogares úsase **como lingua de comunicación** exclusiva só o castelán e no 35% predomina o castelán. Nestes casos hai que dicir que aínda que os proxenitores falen galego entre eles, á hora de dirixirse aos seus fillos fano en castelán.



En canto á **lingua empregada nas interaccións comunitarias entre adultos**, pódese observar unha clara diferenciación entre os ámbitos rural e urbano: no primeiro caso son maioritarias as interaccións que empregan o galego como lingua de instalación, mentres que no ámbito urbano a lingua base é o castelán.

A **lingua empregada polo Concello e as entidades asociativas do contorno** (ANPA, AAVV, asociacións culturais...) nos seus escritos de relación coa comunidade é maioritariamente o galego.


### **b. A situación do profesorado.**

Os datos obtidos a través das enquisas evidencian que o perfil lingüístico do profesorado deste centro, difire notoriamente en relación a aqueles que se extraeron nos demais apartados que compoñían esta análise, a saber, alumnos e familias, de maneira que nos atopamos cun profesorado **maioritariamente galegófono**, que emprega esta lingua de forma habitual tanto no contexto familiar como profesional. Este feito constitúe un notable aspecto normalizador debido a que o alumnado pertence a un ambiente castelanfalante.


As enquisas amósannos un profesorado **ben capacitado** para empregar o galego na actividade docente, con **moi boa disposición** para seguir preparándose e ampliando coñecementos e con actitude positiva cara a normalización social do galego.




### Lingua habitual do profesorado



### Capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente



### Actitude do profesorado cara á utilización do galego no ámbito educativo




### c. A situación do alumnado.

Un dos datos máis significativos que se desprenden da análise das enquisas en canto á lingua na que aprenderon a falar os nosos alumnos é que o 68% dos mesmos ten como **lingua materna** o castelán, mentres que só un 3,9% foron iniciados na comunicación verbal en galego.


Se nos referimos agora á **lingua empregada habitualmente no entorno familiar**, hai que sinalar que no 74% das familias, a lingua habitual é só o castelán ou predomina o castelán, fronte a un 4,8% de familias nas que se emprega só o galego ou predomina o galego e un 20% nas que se usan castelán e galego por igual.

Se nos centramos agora **no ámbito escolar** os datos presentan un xiro significativo en canto ás cifras que expresan as porcentaxes, que tenden a unha situación de equilibrio: o 38,5% dos alumnos empregan só o galego ou predominantemente o galego e o 38,4% utiliza só o castelán ou predominantemente o castelán.


En canto a **actitude do alumnado con respecto a normalización social do galego** os datos pódense considerar moi positivos, dado que o 57,1% expresan que en Galicia debería usarse máis o galego e que esta lingua debe ser fomentada socialmente, datos moi significativos se temos en conta que nos atopamos nun contexto castelanfalante.




### Lingua habitual do alumnado




### Lingua usada polo alumnado no ámbito escolar




### Actitude do alumnado cara á normalización social do galego



### Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo



### Lingua habitual da familia do alumnado



#### d. O indicador global (IG).


A partir dos datos das enquisas podemos obter os catro índices (I1, I2 BIS, I3 e I4), necesarios para ter un bo coñecemento da realidade sociolingüística do centro; e a partir deles calcular o Indicador global (IG). Estes índices sitúanse nunha escala que vai do valor 1 ao valor 5.

Estes índices son os seguintes:

I1	Contexto sociolingüístico do centro	3,60
I2 BIS	Dispoñibilidade do profesorado para impartir a docencia en galego.	3,34
I3	Presenza do galego na vida do alumnado	2,53
IG	Indicador Global do contorno sociolingüístico do centro	3,36

O **Indicador Global** establece claramente que o contexto sociolingüístico do centro sitúase nun **contorno con similar presenza das dúas linguas**.

## CONCLUSIÓNS FINAIS



Por unha banda e en relación coas familias, podemos concluír que, pese a que a lingua empregada pola administración e as entidades do contorno é maioritariamente o galego, as familias seguen a utilizar o castelán como lingua normal de comunicación.

Pola outra banda e en relación co alumnado, podemos dicir que **a lingua materna maioritaria dos alumnos do centro é o castelán**. Neste caso o galego necesita unhas actuacións específicas para chegar a acadar as competencias necesarias. **O contorno escolar serve neste caso de referente á hora de buscar elementos normalizadores do galego**. É por esta razón que as porcentaxes de galegófonos no medio escolar é sensiblemente superior ás que se amosan nos restantes contornos lingüísticos.

Asemade, a actitude e predisposición do profesorado así como os recursos no ámbito das TICs son os adecuados para **comezar esta andadura polo mundo en galego das novas tecnoloxías** e poder así asegurar unha continuidade a este proxecto. Temos un papel moi importante na normalización da nosa lingua. Papel que non podemos nin debemos rexeitar, senón todo o contrario: aproveitamos esta influencia positiva en prol do galego.

A realidade amósanos que o noso alumnado ten unha predisposición moi positiva cara as novas tecnoloxías. Non podemos obviar este factor de motivación para darlle á nosa lingua un papel destacado no proceso de ensino-aprendizaxe a través das TIC. Debemos apostar polo binomio galego-TICs, para que o galego se normalice e se instale na nosa sociedade nas diferentes situacións de comunicación e para que as novas xeracións poidan empregalo de xeito competente en todos os ámbitos sociais e académicos.

Non podemos esquecer que, na actualidade, a literacidade, ou capacidade e estilo de ler en diferentes e novos soportes, como blogs, webs, redes sociais, ebooks... , caracterízase por unha marcada tendencia á información textual dixital. O galego non debe quedar fóra deste novo reto, e velaí a xustificación deste proxecto, "Facendo CLI en galego" trata de aproveitar a influencia positiva que nos ofrecen estes novos medios e formatos, en prol de acadar para o galego a categoría de lingua de relación coa mesma igualdade de prestixio que calquera outra.

## **2. OBXECTIVOS.**

### **FUNDAMENTACIÓN**

Co presente proxecto pretendemos contribuír a desenvolver algunhas das competencias e dos obxectivos, fixados na L.O.E., que se sinalan a continuación:

#### **a. Competencia en comunicación lingüística.**

Obxectivos xerais.

- Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e desenvolver hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.

#### **b. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.**

Obxectivos xerais.

- Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.

#### **c. Competencia dixital e tratamento da información.**

Obxectivos.

- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

#### **d. Competencia social e cidadá.**

Obxectivos.

- Coñecer e apreciar os valores e as normas da convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, valorar e gozar do seu contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.

#### **e. Competencia cultural e artística.**

Obxectivos.

- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non-discriminación de persoas por ningunha causa.

#### **f. Competencia para aprender a aprender.**

Obxectivos.

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

### **2.1. OBXECTIVOS A LONGO PRAZO**

#### **2.1.1. En relación co contexto**

- Potenciar o uso da lingua galega, como lingua de relación coa mesma igualdade de prestixio que calquera outra.
- Fomentar o uso do galego en distintos espazos e situacións de comunicación, reforzando a dimensión comunicativa do noso idioma en relación con contextos vivos.
- Fomentar a utilización do galego coa creación de novas situacións e necesidades lingüísticas, ligadas á lingua.

#### **2.1.2. En relación co profesorado**

- Fomentar o compromiso do profesorado para traballar pola normalización da lingua galega, participando en actividades formativas relacionadas coa lingua galega.

- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente aproveitando as posibilidades que ofrecen as TIC para poder elaborar materiais didácticos nos que o galego sexa a lingua vehicular.

### 2.1.3. En relación co alumnado

- Favorecer a relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe, adquirindo estratexias que lles permitan obter e xestionar a información obtida a través das T.I.C. e desenvolver o sentido crítico respecto da información recibida destes medios.
- Establecer unha relación entre o uso da lingua galega e determinados contextos de aprendizaxe, que resulten o suficientemente atractivos ao alumno para que este se motive cara ao emprego da lingua.
- Favorecer a integración curricular das T.I.C. para mellorar a calidade da resposta educativa á diversidade.

## 2.2. OBXECTIVOS A CURTO PRAZO

### 2.2.1. En relación co contexto

- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades do Centro: páxina web, blogs, actividades culturais, etc.
- Fomentar a participación activa das familias en actividades de portas abertas do centro, as cales serven para a difusión e valoración da lingua galega.
- Relacionar a nosa lingua con ámbitos comunicativos de interese para toda a Comunidade Educativa.

### 2.2.2. En relación co profesorado

- Capacitar ó profesorado en ferramentas informáticas (LIM e Phpwebquest) para que a un nivel de usuario, poidan introducir na aula o emprego de materiais dixitais como un medio didáctico máis.
- Elaborar actividades dixitais en base á temática do proxecto de Biblioteca do centro: "A cidade", baseándonos na contorna LIM.

### 2.2.3. En relación co alumnado

- Utilizar programas e contornas informáticos, que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas en ditos programas.

- Facilitar o acceso a ferramentas dixitais ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, no desenvolvemento dos procedementos de reforzo cotiáns.

### **3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO NO QUE SE REFLECTA A PROPOSTA METODOLÓXICA E DE ACTIVIDADES E OS CONTIDOS QUE SE VAN DESENVOLVER**

Cada ano o ENDL e o Equipo de Biblioteca integrados ambos por todo o profesorado de centro, elaboran un Proxecto de traballo que abrangue diferentes aspectos de formación e de dinamización, tales como:

- Fomento do uso do galego
- Fomento da lectura
- Formación de usuarios
- Educación documental

Dentro desta última téntase cada ano capacitar ao alumnado no desenvolvemento e maduración dos procesos de investigación, tratamento e expresión dos diversos contidos. Entendendo a biblioteca como un mundo de medios, atopamos estes contidos en diferentes soportes, entre os que destacan, sobre todo, os electrónicos: xogos multimedia, recursos on-line, programas educativos, DVD... dado o interese que espertan no alumnado e tamén porque o contexto social no que se desenvolven os alumnos é un medio caracterizado por estas tecnoloxías. **O ENDL do centro cre conveniente que parte das actividades a deseñar ao longo destes proxectos deben de estar relacionadas tamén con obxectivos normalizadores da nosa lingua**

**Para o presente curso 2009-10 están programados dous temas: a cidade e o circo. O proxecto "Facendo CLIC en galego" centrarase no primeiro tema, que se estenderá dende outubro ata finais de febreiro. Neste tempo trataremos de que as actividades deseñadas contribúan a utilización do galego dentro e fóra das aulas coa creación de novos ámbitos de uso e, ao mesmo tempo, que axuden á adquisición da competencia dixital do noso alumnado.**

Para alcanzar estes fins decidiuse elaborar uns materiais multimedia en galego de uso na aula, como un recurso máis entre os materiais curriculares a empregar no noso labor docente.

### 3.1. CONTIDOS

- Identificación dos diferentes ámbitos aos cales se pertence: aldea/vila/barrio e cidade, Galicia.
- Recoñecemento dos referentes colectivos que manteñen a identidade da propia aldea, parroquia, vila, barrio, cidade, área metropolitana (símbolos, lugares de interese, monumentos emblemáticos, personaxes, institucións, tradicións, nomes das rúas e prazas...).
- Localización da propia aldea, concello, cidade e doutras agrupacións de poboación nun mapa da provincia, de Galicia, de España, etc., ou noutros medios (SIGPAC, Google Earth...).
- Iniciación ao uso de planos e mapas da aldea, vila, localidade, cidade.
- Identificación dalgúns elementos xeográficos e do relevo do contorno (montañas, ríos, rías, lagoas).
- Recoñecemento e valoración do significado dalgunhas pegadas antigas no contorno (tradicións, edificios, obxectos, manifestacións artísticas).
- Identificación dalgunhas evidencias do pasado no contorno propio (na aldea, na localidade, na vila, na cidade...): os vestixios e os museos.

### 3.2. ACTIVIDADES

En Educación Infantil e nos primeiros cursos de Educación Primaria as actividades que se presenten deben ser o **suficientemente estruturadas e intuitivas** como para poder centrar, dirixir e canalizar ao alumnado no seu manexo.

Tendo en conta o anterior, decidiuse que o programa máis adecuado e que respondía mellor ás nosas necesidades é o **Programa LIM (Libro Interactivo Multimedia)**, que será o instrumento básico para a execución das nosas actividades.

Nos últimos cursos de Educación Primaria as actividades xa poden e deben ser máis complexas, seguindo estratexias que lles permitan **obter e xestionar a información** obtida a través das T.I.C. e desenvolver o **sentido crítico** respecto da información recibida destes medios. polo que se elixiu o formato de **webquest**.

#### 3.2.1. ACTIVIDADES CENTRADAS NO ALUMNADO.

En consecuencia, as actividades a desenvolver dentro do proxecto serán:

- ✚ Elaboración dunha unidade didáctica para educación infantil sobre a cidade, con actividades realizadas na plataforma LIM. Os contidos a traballar serían: os elementos visibles e non visibles da rúa, os barrios, os traballos na cidade, hábitos de comportamento cívico e de respecto medioambiental, Pontevedra en imaxes, normas de educación vial como peóns...
- ✚ Elaboración dunha unidade didáctica para 1º, 2º e 3º de educación primaria sobre a cidade, con actividades realizadas na plataforma LIM. Os contidos a traballar serían: cidades de Galicia, tipos de cidade, as rúas, os barrios, a historia, os monumentos, a organización da cidade.... normas de comportamento cívico e de respecto medioambiental, normas de educación vial como peóns e ciclistas...
- ✚ Elaboración dunha webquest, para 4º, 5º e 6º de primaria, que estudará os aspectos máis salientables da cidade de Pontevedra: xeografía, historia, organización, centros de interese turístico e artístico, localización e orientación no plano... Cos datos obtidos elaboraranse un folleto turístico da cidade.
- ✚ Realización dunha visita das familias á cidade de Pontevedra, guiada polos alumnos/as que realizaron a webquest, utilizando como documento base o folleto turístico elaborado durante o desenvolvemento da webquest.
- ✚ Cada curso elaborará un PDI (Proxecto Documental Integrado) sobre un tema relacionado coas cidades. Os PDI son pequenas investigacións nas que o alumnado traballa directamente coa documentación aprendendo a aprender e traballar autonomamente, procurando integrar os coñecementos adquiridos a través de diferentes soportes e plasmarlos de maneira organizada e coherente. Neste sentido cremos que é importante que os procedementos a empregar para a integración dos coñecementos sexan procedementos relacionados coas TIC, dada a súa importancia no currículo e dentro do mundo da información. Neste proxecto, pensamos realizar os seguintes PDIs:
  - 4º de Ed. Infantil: Elementos da rúa.
  - 5º de Ed. Infantil: Peóns pola rúa.
  - 6º de Ed. Infantil: Pontevedra en imaxes.
  - 1º de Ed. Primaria: A cidade está composta por...
  - 2º de Ed. Primaria: As cidades portuarias.
  - 3º de Ed. Primaria: Lugo, cidade amurallada.
  - 4º de Ed. Primaria: A nosa cidade vella.
  - 5º de Ed. Primaria: Un recanto da historia de Pontevedra.

- 6º de Ed. Primaria: Camiñando polas rúas de Pontevedra.
- ✚ Recompilar material informático que axude o profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores, ferramentas informáticas para elaborar recursos (Ardora, Lim, Javaclic, phpwebquest, etc.).
- ✚ Utilizar a web e os blogs do centro como canle de comunicación recíproca con todos os sectores da comunidade educativa.

### 3.2.2. ACTIVIDADES DO GRUPO DE TRABALLO, CENTRADAS NO PROFESORADO.

Obviamente **faise imprescindible unha mínima formación** no manexo de ferramentas informáticas tales como LIM e Phpwebquest para poder levar adiante o noso traballo. Con esta finalidade solicitamos e foinos concedido polo Centro de Formación do Profesorado de Pontevedra un **Grupo de Traballo** no que se pretende facilitar ao profesorado ferramentas electrónicas que permitan a elaboración destes materiais.

- ◆ Achegamento ao sistema LIM: contorna para a creación de materiais educativos.
- ◆ Coñecemento do seu editor de actividades (EdiLim).
- ◆ Manexo dos elementos que forman o sistema: visualizador (LIM) e o seu arquivo en formato XML (libro) que define as propiedades do libro e as distintas páxinas que o compoñen.
- ◆ Realización de actividades educativas tomando como tema central "A cidade" do noso proxecto de Biblioteca e adaptando seus contidos aos niveis de Educación Infantil e 1º, 2º e 3º de Educación Primaria.

### 3.3. TEMPORALIZACIÓN.

DURACIÓN	ACTIVIDADE	AXENTES
OUTUBRO (2ª quincena)	GRUPO DE TRABALLO: aproximación ao programa LIM.	Profesorado
OUTUBRO (2ª quincena)	I FASE da realización de Proxectos Documentais Integrados: Busca e recollida de información.	Alumnado
NOVEMBRO (1ª quincena)	GRUPO DE TRABALLO: Elaboración de Unidades Didácticas dixitais en contorno LIM para Educación Infantil sobre o tema do proxecto: As cidades.	Profesorado

NOVIEMBRO (1ª quincena)	II FASE da realización de Proxectos Documentais Integrados: selección e tratamento da información recollida.	Alumnado
NOVIEMBRO (2ª quincena)	GRUPO DE TRABAJO: Elaboración de Unidades Didácticas dixitais en contorno LIM para 1º, 2º e 3º de Educación Primaria sobre o tema do proxecto: As cidades.	Profesorado
NOVIEMBRO (2ª quincena)	III FASE da realización de Proxectos Documentais Integrados: expresión en diferentes soportes e exposición dos contidos documentais.	Alumnado
DECEMBRO (1ª quincena)	Planificación e busca de recursos para a realización de Webquest en 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.	Profesorado
XANEIRO (1ª quincena)	Realización de Unidades Didácticas de Educación Infantil e Primaria en contorno LIM sobre o tema: A cidade	Alumnado
XANEIRO (1ª quincena)	Confección de webquest para 4º, 5º e 6º de educación Primaria.	Profesorado
FEBREIRO (1ª quincena)	Realización das webquest elaboradas.	Alumnado

### 4.3. METODOLOXÍA

Os/as titores/as deberán ser os principais responsables da integración das T.I.C. nas súas clases, co cal se gaña en coñecemento do alumnado e da materia a impartir e en aproveitamento dos tempos para que os rapaces poidan gozar deses recursos racionalmente e no momento preciso no que se están a traballar os contidos.

Os principios metodolóxicos que se seguirán ao hora de elaborar os materiais serán aqueles nos que se debe basear calquera proceso de ensino-aprendizaxe das T.I.C. e serían os seguintes:

- Utilización de métodos activos baseados na experiencia e investigación do/a propio/a alumno/a, respectando os tempos necesarios para o erro, reflexión posterior e reconstrución do seus esquemas cognitivos.

- Aproveitarase o aspecto motivador das T.I.C. evitando caer na monotonía ou actividades excesivamente repetitivas (salvo que esa sexa a finalidade).
- Partirase en todo caso de eidos de coñecemento próximos ao alumno/a como punto de partida para a súa introdución nas T.I.C.
- Fomentarse o intercambio de ideas e experiencias entre os docentes implicados.
- As actividades formuladas serán significativas para o alumnado e tenderán a desenvolver o afán polo descubrimento e autoaprendizaxe (aprender a aprender).
- Abriranse novos campos de experiencia (aportar novas motivacións) aos alumnos de xeito gradual e segundo as necesidades didácticas en cada caso.
- Farase un uso transversal das T.I.C. que atendan a todas as competencias básicas e que percorran tódalas áreas.
- Os/as especialistas incluírán tamén nas súas programacións actividades e procesos de integración das T.I.C. nas súas áreas respectivas.
- Aproveitarase o potencial das T.I.C. usándoas dun xeito creativo e innovador e non só trasladando as actividades convencionais aos novos recursos.
- Favorecerase a individualización do ensino para a atención a diversidade.
- Realizarase un seguimento individualizado dos progresos acadados.
- Implantarase, na medida do posible, a autorregulación e a autoavaliación.

#### **4. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Os/As alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo necesitan programas e recursos didácticos para crear un entorno de aprendizaxe axeitado. Neste sentido as T.I.C. favorecen a comunicación e unha alta motivación do/a alumno/a á vez que permiten adaptar o caudal de coñecementos ás necesidades específicas de cada un.

No caso de alumnos/as con situacións sociais desfavorecidas, o acceso as T.I.C. no centro permite que o/a alumno/a poida achegarse a elementos tecnolóxicos, que dificilmente podería acadar no seu fogar, logrando desde xeito superar as desigualdades no acceso ás mesmas.

A utilización das T.I.C. co alumnado con sobredotación intelectual permitirá aproveitar aspectos altamente motivantes, como son a "aprendizaxe por descubrimento" e a autoaprendizaxe, aspectos estes tamén importantes para o resto do alumnado, pero que neste casos adquiren un papel fundamental, xa que permite propoñer retos que alenten ao alumno/a a mellorar as súas capacidades.

## **5. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO EN BENEFICIO DO PROXECTO**

### **5.1. RECURSOS HUMANOS.**

O **grao de compromiso** do centro e da comunidade educativa en relación co desenvolvemento deste proxecto é plena.

Todo o **claustro está implicado** no mesmo participando tanto no seu desenvolvemento como no Grupo de Traballo.

O profesorado do CEIP San Martiño presenta unha boa disposición e habilitación profesional cara ao emprego da lingua e cultura galegas. Asemade a maioría do profesorado é definitivo.

Todas estas características dos recursos persoais non só asegura a posta en marcha deste proxecto e o seu desenvolvemento e seguimento senón que ademais **garante a continuidade do proxecto** cara os futuros cursos escolares.

### **5.2. RECURSOS ORGANIZATIVOS.**

Dentro da organización interna do CEIP San Martiño, como centro de liña un, contamos cun só profesor por nivel, de maneira que os órganos de coordinación pedagóxica funcionan coa case totalidade do profesorado, favorecendo, deste modo, o labor de normalización: todos os membros do claustro pertencen ao ENDL.

Por outro lado, todo o claustro pertence ao Equipo de dinamización de Biblioteca e colaboran cada ano nas propostas que se realizan dende estes equipos.

Este tipo de organización facilita a comunicación interna, a toma de decisións, a retroalimentación de información...

### **5.3. RECURSOS MATERIAIS.**

Na actualidade a dotación de equipamento informático e/ou audiovisual distribúese en sete grupos:

1. Aula de informática: trece equipos, un encerado dixital interactivo, un canón de vídeo, unha impresora láser, un escáner, unha televisión e un reprodutor de DVD.
2. Tarefas administrativas: catro equipos nos despachos de Dirección, Secretaría, Departamento de Orientación e na aula da Xefatura de Estudos; tres impresoras láser e unha de tinta, un fax e un escáner.
3. Biblioteca: seis equipos, un para administración e cinco para a consulta por parte do alumnado, unha impresora láser, un canón de vídeo, unha televisión, un reprodutor de VHS e un reprodutor de DVD con son envolvente 5.1.
4. Aulas do alumnado: 14 equipos, unha impresora de tinta e unha impresora multifunción.
5. Comedor/Salón de usos múltiples: un equipo de son con micrófonos e altosfalantes, un canón de vídeo, un reprodutor de DVD, un reprodutor de casetes.
6. Equipamento móbil: sete ordenadores portátiles, unha cámara de vídeo, unha cámara fotográfica dixital e cinco canóns de vídeo.
7. Outros: tres fotocopiadoras con conexión de rede (unha delas de color) e un router inarámico. A conexión a Internet lévase a cabo mediante ADSL.

### **6. A COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS DO CONTORNO.**

A posta en marcha dun plan de traballo implica a varios axentes, tanto directa como indirectamente. Neste caso non é só a comunidade educativa a que presenta unha causalidade visible nas nosas propostas, senón que son tamén as institucións do entorno, as que serven de reforzo e complemento aos recursos que fan posible o desenvolvemento do mesmo.

Así pois o ENDL deste centro conta para levar adiante este proxecto coas seguintes colaboracións:

#### ➤ CONCELLO DE PONTEVEDRA:

- Solicitud de material informativo/documental sobre a cidade de Pontevedra.
- Ídem en relación a publicacións dixitais, folletos, planos...
- Solicitud de material videográfico.

- Realización dun roteiro co alumnado do centro pola cidade, dirixido polos guías turísticos do Concello.
  - Solicitud de que o programa de Educación Vial se faga extensible a todo o alumnado para o presente curso.
  - Realización dunha visita ao edificio administrativo do Concello para coñecer as instalacións e o seu funcionamento.
  - Participación no Salón do Libro de Pontevedra, dedicado este ano ao tema das cidades.
- DEPUTACIÓN: solicitude de material informativo/documental sobre a cidade.
  - CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN. Contamos co apoio de formación e información que supón pertencer ao Plan de Mellora de Bibliotecas desta Consellería, coordinado pola Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia.
  - BIBLIOTECA MUNICIPAL. Participación en programas de fomento da lectura e formación de usuarios, organizados pola súa directiva. Tamén contamos co servizo de préstamo que como centro usamos dende hai varios cursos.
  - ANPA. Colaboración coa ANPA do centro na organización de saídas, roteiros...

## 7. PLAN DA AVALIACIÓN

De xeito ordinario convocarase unha reunión semanal co fin de avaliar o desenvolvemento do proxecto. A esta xuntanza asistirán todos os membros do ENDL.

Unha vez rematado o proxecto realizarase unha avaliación final por medio de cuestionarios e rexistros para alumnos e profesores, no que se valorará o grao de motivación, participación nas tarefas propostas e utilización dos materiais deseñados; a súa adecuación ás diferentes idades do alumnado para o que foron elaborados, grao de adaptación á diversidade, grao de consecucións dos obxectivos...

Este proxecto será reelaborado cada curso coas achegas e modificacións que se consideren oportunas, segundo a información destes cuestionarios de avaliación.

Ao remate do proxecto elaborarse una memoria na que se valoren a consecución dos obxectivos e se propoñan melloras a levar a cabo no futuro. A análise da consecución dos obxectivos propostos deberá promover a concreción de aspectos de mellora, que se incorporarán ao curso seguinte.

## 8. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO, AS FAMILIAS E A COMUNIDADE PARA FOMENTAR A SUA PARCICIPACIÓN E APROVEITAMENTO.

### ALUMNADO

- Titorías: en cada grupo de alumnos será o titor ou titora quen sen encargue de informarlles dos materiais que se deseñaron dentro deste proxecto, procurando promocionar, animar e, en definitiva, fomentar o interese do alumnado cara a estas actividades educativas.

- Configurar un Servizo de Intranet: crear unha rede interna no centro, a disposición de toda a Comunidade Educativa, con todos os recursos electrónicos en galego dos que se dispoña, coa idea de incrementalos cos aqueles materiais educativos que se vaian elaborando a posteriori.

- Presentación colectiva dos PDIs. Fomento da oralidade: á finalización do apartado de investigación deste proxecto, os documentos que o alumnado elaborou son presentados publicamente ao resto do centro, nun acto conxunto no que queremos fomentar a capacitación de comunicación lingüística en galego, a capacidade de exposición oral coherente dos contidos investigados, o saber escoitar, respectando o traballo alleo e tamén a capacidade para apreciar e asumir os valores e normas de convivencia. Pensamos que actos deste tipo non só favorecen todo o anterior, senón que tamén axudan á normalización da nosa lingua dun xeito ameno e nunha situación de aprendizaxe informal.

- Exposición de traballos: aínda que a exposición dos traballos escolares sexa unha práctica educativa clásica e por tanto superada en certos aspectos por outras máis novedosas, no CEIP San Martiño seguimos apostando por este método de difusión entre os nosos alumnos pois temos comprobado a motivación que supón para eles ver como as súas realizacións se dan a coñecer aos demais.

### FAMILIAS

- Información: a través diferentes comunicados escritos ao longo de todo o proceso, o centro intentará manter ás familias informadas das actividades que se van desenvolvendo e nas que os pais/nais teñen un protagonismo importante como axentes favorecedores e continuadores do labor educativo inherente a este proxecto.

- Blogs/web do centro: o nosos blogs son unha canle permanente de comunicación entre o centro e o exterior, sobre todo están pensados para engadir unha validez e unha plasticidade que axude a achegar as familias á

vida escolar do centro que outro tipo de soporte non ten a capacidade de aportar.

-Revista escolar: "Luceiro", revista de tirada anual, serve de aglutinante e resume na súa totalidade toda a práctica educativa habida ao longo do curso escolar.

- ANPA: Entregarase copia do proxecto para a súa difusión entre os seus membros.

## COMUNIDADE

-Blogs/web do centro: o noso blog a parte de servir para comunicarnos coas familias tamén é a vía idónea para dar a coñecer ao exterior o noso labor.

- Participacións en Exposicións: cada ano os nosos traballos teñen unha difusión importante no Salón do Libro de Pontevedra, tamén se teñen remitido copias en formato dixital ou papel a organismos como a Consellería de Cultura (actualmente contamos con traballos realizados polo noso alumnado publicados na web de Política Lingüística) e outros.

- Comunicados prensa actividades: remítese periodicamente á prensa local, vía electrónica, noticias dos eventos máis salientables do centro que moitas veces estes medios teñen a ben publicar.

-INTERNET: Poñeranse a disposición doutros profesionais e público en xeral estes materiais a través de webs como Edugaliza, Biblioteca de LIM, Plataforma MOODLE da Asesoría de Bibliotecas Escolares...

Vº e Prace.

**O Director**

**Coordinadora do ENDL**

Asdo.: Diego Fariña

Asdo.: Mª Luisa Bello